



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 ABR. 2024 15:16:04

Entrada **21888**

Pregunta sobre a cesión dos inmóbeis da SAREB en Vigo para destinalas a vivenda social

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á cesión das vivendas das que é titular a SAREB para uso social na cidade de Vigo.**

A cidade de Vigo, a maior urbe da Galiza, padece un gravísimo problema de acceso social á vivenda. Unha situación derivada do aumento continuado dos prezos do alugueiro que xa atinxe, segundo datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependente da Xunta de Galiza) unha suba do 70% nos últimos dez anos. Aliás, os alugueiros en Vigo son, tal e como constata o Observatorio de Vivenda de Galiza, un 22% máis elevados que a media galega. Feito ao que se engaden os efectos do avance do fenómeno ultraspeculativo das vivendas de uso turístico que xa son arredor de 1600, o que representa case o cuádruplo das vivendas dispoñíbeis para alugueiro residencial convencional.

A dificultade de encontrar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada ademais por un dato moi alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitacións en pisos compartidos xa superan os 300 euros mensuais. Unha situación especialmente preocupante, tendo en conta que a esta fórmula acoden as persoas de menores ingresos e en situación de grave vulnerabilidade social.

Á falta de oferta de vivenda para alugueiro residencial, que diminuíu nun 23% nos últimos dous anos segundo datos da Asociación Galega de Inmobiliarias (Agalin), engádesse a non adopción de medidas desde as administracións

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 ABR. 2024 15:16:04

Entrada **21888**



públicas para mobilizar o inmenso parque de vivenda baleira existente na cidade, que son máis de 22 mil segundo os últimos datos oficiais do INE.

Diante da situación descrita, o Pleno do Concello de Vigo aprobou na súa sesión do pasado 25 de marzo de 2024 unha moción, promovida polo Grupo Municipal do BNG, na que entre outras medidas se acordaba “Demandar do Goberno español a cesión por parte da SAREB das vivendas das que é titular na cidade para a súa inclusión nun parque de vivenda social”.

Se ben descoñécense os datos oficiais a respecto da cantidade total de propiedades inmobiliarias e a súa tipoloxía das que é titular a SAREB na cidade de Vigo (a relación publicada na web da sociedade é incompleta e desactualizada), nas últimas datas tense anunciado publicamente a intención de poñer á venda por parte desta sociedade, a prezo de mercado, 51 das 155 vivendas que posúe nunha promoción da rúa Aragón, 26 vivendas en Gran Vía e tamén 43 pisos na Privada Moderna, no barrio do Calvario, unha vez se realice a súa rehabilitación.

Se xa non tiña sentido que se pretenda, como parece querer facer o Goberno español, que comunidades autónomas ou concellos teñan que repagar inmóbeis que xa foron adquiridos a cargo de recursos públicos, moito menos que se poñan á venda a prezos de mercado que poden atinxir até os 300 mil euros, como no caso das vivendas da rúa Aragón.

É a todas luces intolerábel e incomprensíbel que unha sociedade participada maioritariamente polo Estado e cuxos activos proveñen do mil millonario rescate á banca privada con recursos públicos, pretenda agora facer caixa xogando á especulación inmobiliaria en lugar de utilizar eses inmóbeis para facilitar o acceso social á vivenda.

Así mesmo, esa decisión vai no sentido do contrario da pretensión que sustenta o acordo subscrito entre a SAREB e a FEMP o mes de setembro do pasado ano 2023 co obxectivo de cooperaren cos concellos para contribuír ao impulso do parque de vivenda social.

Ademais, nunha recente resposta por escrito do Ministerio ao BNG nas Cortes recalca que co Real Decreto-lei 1/2022, a SAREB incorpora á súa xestión o



principio de Sustentabilidade e Utilidade Social. “Un principio que cristalizou no Plan polo que a SAREB mobilizará ate 50.000 vivendas para alugueiro social e accesíbel”, que anunciou o propio Presidente do Goberno hai un ano. É máis, engadía que “a finalidade social da SAREB conxúgase así co obxectivo de recuperar o valor económico dos seus activos e procurar o menor custe aos contribuíntes”.

Neste mesmo sentido, débense engadir as declaracións da Ministra de Vivenda en comparecencias no Congreso e no Senado en que sinalou que “reorientamos a dirección da SAREB e creo que agora é un instrumento posto a disposición das políticas públicas de vivenda, dos concellos e das CC.AA, non só da Administración Xeral do Estado”.

Se de verdade o Goberno reorientou a función da SAREB para que cumpra un papel social, o anuncio de rehabilitación destas vivendas para logo vendelas a prezo de mercado está moi lonxe dunha pretendida función social. É especulación pura e dura que en ningún caso vai revertir nas maiorías sociais dados os prezos de mercado da vivenda en Vigo como acabamos de explicar.

Por iso, acreditamos en que a decisión que se debe adoptar é a promover a cesión das vivendas da SAREB para a súa incorporación nun parque público de vivenda social na cidade de Vigo, a través da colaboración con outras administracións como o Concello de Vigo e/ou a Xunta de Galiza.

Unha fórmula perfectamente legal que xa se está a aplicar noutras partes do Estado, como o Concello de Barcelona, no que se asinou o pasado mes de decembro un convenio polo que a SAREB cedía 200 vivendas para uso social.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. É consciente o Goberno do grave problema de acceso social á vivenda que se padece na cidade de Vigo? Ten previsto adoptar algunha medida para intervir nesa situación?
2. Contribuirá o Goberno á creación de vivenda social en Vigo pondo a disposición os inmóbeis que mantén a SAREB na cidade?



3. De cantos inmobles en condicións de seren utilizados como vivenda é titular a SAREB na cidade de Vigo?
4. Vai promover o Goberno español, tendo en conta a participación maioritaria do FROB no seu accionariado e dirección, que a SAREB ceda vivendas para as incorporar a un parque público de vivenda social na cidade de Vigo en colaboración co Concello de Vigo e/ou a Xunta de Galiza?
5. Teñen realizado o Concello de Vigo ou a Xunta de Galiza algunha xestión perante o Goberno español con ese obxectivo?
6. Cal é o motivo polo que se opta desde a SAREB pola venda a prezo de mercado das vivendas das que é titular en lugar de as destinar ao seu uso social? A que se debe esta operación especulativa nunha zona necesitada de vivenda social?
7. En coherencia coas manifestacións realizadas pola Ministra de Vivenda nas Cortes, afirmando que “reorientamos a dirección da SAREB” para que sexa “un instrumento posto a disposición das políticas públicas de vivenda, dos concellos e das CC.AA”, non debería a SAREB destinar as vivendas de Vigo á creación de vivenda social, cedéndoas á administración local ou a Xunta?
8. Considera que con operacións de venda de vivendas prezo de mercado se cumpre co “obxectivo de recuperar o valor económico dos seus activos e procurar o menor custe aos contribuíntes” como sinalou o propio Ministerio?.

Madrid, a 18 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la cesión de las viviendas de las que es titular a SAREB para uso social en la ciudad de Vigo.**

La ciudad de Vigo, la mayor urbe de Galiza, padece un gravísimo problema de acceso social a la vivienda. Una situación derivada del aumento continuado de los precios del alquiler que ya alcanza, según datos oficiales del Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependiente de la Xunta de Galiza) una subida del 70% en los últimos diez años. Además, los alquileres en Vigo son, tal y como constata el Observatorio da Vivenda de Galiza, un 22% más elevados que el promedio gallego. Hecho al que se añaden los efectos del avance del fenómeno ultraspeculativo de las viviendas de uso turístico que ya son alrededor de 1600, lo que representa casi el cuádruple de las viviendas disponibles para alquiler residencial convencional.

La dificultad de encontrar alquileres accesibles para la mayoría social queda evidenciada además por un dato muy alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitaciones en pisos compartidos ya superan los 300 euros mensuales. Una situación especialmente preocupante, toda vez que a esta fórmula acuden las personas de menores ingresos y en situación de grave vulnerabilidad social.

A la falta de oferta de vivienda para alquiler residencial, que disminuyó en un 23% en los últimos dos años según datos de la Asociación Galega de Inmobiliarias (Agalin), se añade la no adopción de medidas desde las administraciones públicas para movilizar el inmenso parque de vivienda vacía existente en la ciudad, que son más de 22 mil según los últimos datos oficiales del INE.



Ante la situación descrita, el Pleno del Concello de Vigo aprobó en su sesión del pasado 25 de marzo de 2024 una moción, promovida por el Grupo Municipal del BNG, en la que, entre otras medidas, se acordaba “Demandar del Gobierno español la cesión por parte de la SAREB de las viviendas de las que es titular en la ciudad para su inclusión en un parque de vivienda social”.

Si bien se desconocen los datos oficiales a respecto de la cantidad total de propiedades inmobiliarias y su tipología de las que es titular la SAREB en la ciudad de Vigo (la relación publicada en la web de la sociedad es incompleta y desactualizada), en las últimas fechas se ha anunciado públicamente la intención de poner a la venta por parte de esta sociedad, a precio de mercado, 51 de las 155 viviendas que posee en una promoción de la calle Aragón, 26 viviendas en Gran Vía y también 43 pisos en la Privada Moderna, en el barrio del Calvario, una vez se realice su rehabilitación.

Si ya no tenía sentido que se pretenda, como parece querer hacer el Gobierno español, que comunidades autónomas o concello tengan que repagar inmuebles que ya fueron adquiridos a cargo de recursos públicos, mucho menos que se pongan a la venta a precios de mercado que pueden alcanzar hasta los 300 mil euros, como en el caso de las viviendas de la calle Aragón.

Es a todas luces intolerable e incomprensible que una sociedad participada mayoritariamente por el Estado y cuyos activos provienen del mil millonario rescate a la banca privada con recursos públicos, pretenda ahora hacer caja jugando a la especulación inmobiliaria en lugar de utilizar esos inmuebles para facilitar el acceso social a la vivienda.

Asimismo, esa decisión va en el sentido contrario de la pretensión que sustenta el acuerdo suscrito entre la SAREB y la FEMP el mes de septiembre del pasado año 2023 con el objetivo de cooperar con los ayuntamientos para contribuir al impulso del parque de vivienda social.

Además, en una reciente respuesta por escrito del Ministerio al BNG en las Cortes se recalca que con el Real Decreto-ley 1/2022, la SAREB incorpora a su gestión el principio de Sostenibilidad y Utilidad Social. “Un principio que cristalizó en el Plan por lo que la SAREB movilizará ate 50.000 viviendas para



alquiler social y accesible”, que anunció el propio Presidente del Gobierno hace un año. Es más, añadía que “la finalidad social de la SAREB se conjuga así con el objetivo de recuperar el valor económico de sus activos y procurar el menor coste a los contribuyentes”.

En este mismo sentido, se deben añadir las declaraciones de la Ministra de Vivienda en comparecencias en el Congreso y en el Senado en que señaló que “reorientamos la dirección de la SAREB y creo que ahora es un instrumento puesto a disposición de las políticas públicas de vivienda, de los ayuntamientos y de las CC.AA, no solo de la Administración General del Estado”.

Si de verdad el Gobierno reorientó la función de la SAREB para que cumpla un papel social, el anuncio de rehabilitación de estas viviendas para luego venderlas a precio de mercado está muy lejos de una pretendida función social. Es especulación pura y dura que, en ningún caso, va a revertir en las mayorías sociales dados los precios de mercado de la vivienda en Vigo como acabamos de explicar.

Por eso, consideramos que la decisión que se debe adoptar es la promover la cesión de las viviendas de la SAREB para su incorporación en un parque público de vivienda social en la ciudad de Vigo, a través de la colaboración con otras administraciones como el Ayuntamiento de Vigo y/o la Xunta de Galiza.

Una fórmula perfectamente legal que ya se está aplicando en otras partes del Estado, como el Ayuntamiento de Barcelona, en el que se firmó el pasado mes de diciembre un convenio por lo que la SAREB cedía 200 viviendas para uso social.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Es consciente el Gobierno del grave problema de acceso social a la vivienda que se padece en la ciudad de Vigo? ¿Ha previsto adoptar alguna medida para intervenir en esa situación?



2. ¿Contribuirá el Gobierno a la creación de vivienda social en Vigo poniendo a disposición los inmuebles que mantiene la SAREB en la ciudad?
3. ¿De cuántos inmuebles en condiciones de ser utilizados como vivienda es titular a SAREB en la ciudad de Vigo?
4. ¿Va a promover el Gobierno español, teniendo en cuenta la participación mayoritaria del FROB en su accionariado y dirección, que la SAREB ceda viviendas para incorporarlas a un parque público de vivienda social en la ciudad de Vigo en colaboración con el Concello de Vigo y/o la Xunta de Galiza?
5. ¿Han realizado el Ayuntamiento de Vigo o la Xunta de Galiza alguna gestión ante el Gobierno español con ese objetivo?
6. ¿Cuál es el motivo por lo que se opta desde la SAREB por la venta a precio de mercado de las viviendas de las que es titular en lugar de destinarlas a su uso social? ¿A qué se debe esta operación especulativa en una zona necesitada de vivienda social?
7. ¿En coherencia con las manifestaciones realizadas por la Ministra de Vivienda en las Cortes, afirmando que “reorientamos la dirección de la SAREB” para que sea “un instrumento puesto a disposición de las políticas públicas de vivienda, de los ayuntamientos y de las CC.AA”, no debería la SAREB destinar las viviendas de Vigo a la creación de vivienda social, cediéndolas a la administración local o la Xunta?
8. ¿Considera que con operaciones de venta de viviendas precio de mercado se cumple con el “objetivo de recuperar el valor económico de sus activos y procurar el menor coste a los contribuyentes” como señaló el propio Ministerio?

Madrid, a 18 de abril de 2024



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso